

Buenos Aires, 15 de Xaneiro de 1974

Sr.

D. Marino Dónega Rozas

La Coruña

Meu querido amigo:

Agradézoche moito as tuas verbas de pésame con motivo do pasamento da miña nai. Pasaron xa algunhas semáns e aínda me atopo confuso e de, resivo, sin ganas de facer ren. Un non sabe é un misterio, que ffo se-gredo xungue un fillo a unha nai, de que xeito a desaparición de un dos dous afecta ó outro. Pasaron os días e un sorpréndese matinando no que perdéu, e, como de súbito, o tempo adiantouse a un para ocupar nél o lugar da nai, dos pais. A un envelleceo a morte que o rodea, e moito mais si é a de aqueles que un mais quere, mais próisima a un. Agradézoche moito as tuas verbas.

Xa estóu repostado do accidente. Xa non uso o bastón e ando normalmente. Non sei nada do pleito do auto, si se arranxaron ou continúa. Tampouco sei si se vendéu. Si me escribes fálame algo de esto. Coida que eu son un cliente malo mais que non aconsella os seus abogados.

Unha garimosa e grande aperta para Fernando, Fernando e pra tí de: